

MMM

APROBADA EN SESIÓN DE 26/01/2021

ACTA DA MESA XERAL DE CONTRATACIÓN

Na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as 10:45 horas do día **3 de decembro do ano 2020**, previa convocatoria con especificación dos asuntos a tratar, publicada no perfil de contratante deste concello, reúnese a Mesa Xeral de Contratación constituída con carácter permanente por acordo plenario do 29 de xuño de 2015, cuxa composición foi modificada por acordo do Pleno en sesión de 22 de febreiro de 2018, cuxa composición foi modificada por acordo do Pleno en sesión de 22 de febreiro de 2018 e de 15 de xuño de 2020.

Asistentes:

- Preside a sesión D. Roberto Babío Fernández, xefe de servizo de economía e facenda
- Dna. Pilar María Pastor Novo, secretaria xeral, vocal.
- Dna. Vanesa García Barreiro, interventora municipal, vocal.
- D. Francisco Javier Varela Tejedor, xefe do gabinete técnico, vocal.
- Dna. Karina Paula Díaz Arluna, técnico municipal, vocal.
- Dna. María del Carmen Martínez Mosquera, secretaria da mesa de contratación.

C.I.F. P-1503100-H

Polo Sr. Presidente dáse inicio á sesión pasando a examinar os asuntos incluídos na orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 23/10/2020, UCP/2020/203.
2. Apertura e calificación administrativa UCP/2020/137, Escolas municipais culturais e deportivas 2020-2021.
3. Apertura criterios baseados en xuízos de valor UCP/2020/137, Escolas municipais culturais e deportivas 2020-2021, lote 1 (cultura).
4. Apertura criterios baseados en xuízos de valor UCP/2020/137, Escolas municipais culturais e deportivas 2020-2021, lote 2 (deportes).
5. Quenda aberta de intervencións.

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións celebradas o 23/10/2020, UCP/2020/203.

Vista a acta da sesión celebrada o día 23/10/2020, apróbase polos membros presentes e asistentes á citada sesión.

2.- Apertura e calificación administrativa UCP/2020/137, Escolas municipais culturais e deportivas 2020-2021.

Polo Sr. Presidente se da conta que por resolución da concelleira delegada da área de urbanismo e da área de facenda, patrimonio e administración electrónica, núm. 1563/2020, do 11/11/2020, apróbase o expediente de contratación das "escolas municipais culturais e deportivas 2020-2021", estableceuse o procedemento de licitación, dispúxose a apertura do procedemento de licitación e a publicación do anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público, e apróbase o gasto.

Código do documento	Código do expediente
UCP14I024U	UCP/2020/235
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4A5G 2L4Y 6S1E 5D0M 12U3	

Con data 12/11/2020, publicouse anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, sendo a data límite de presentación de ofertas ata as 23:59 horas do día 27/11/2020.

Durante o prazo de presentación de ofertas, presentan oferta as seguintes empresas:

EMPRESA	CIF
A BILLARDA S.L.	B27278845
AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L	B15835721
CAMPA FORMACION E INTERVENCION SOCIOEDUCATIVA S.L.	B15666944
ESPROADE, S.L.	B15664816
MOVE PROYECTOS E INVERSIONES	B70311618
Serviplus total S.L	B70019294

Seguidamente procedese ao descifrado do sobre que contén a documentación administrativa.

Analizada a documentación, determínase que as ofertas presentadas cumpren as condicións establecidas no PCAP, polo que son admitidas á licitación.

3.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor UCP/2020/137, Escolas municipais culturais e deportivas 2020-2021, lote 1 (cultura).

Procédese a continuación ao descifrado e apertura do sobre B, que contén a documentación técnica.

Acórdase remitir a documentación técnica aos servizos técnicos municipais para o seu informe e valoración.

4.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor UCP/2020/137, Escolas municipais culturais e deportivas 2020-2021, lote 2 (deportes).

Procédese a continuación ao descifrado e apertura do sobre B, que contén a documentación técnica.

Acórdase remitir a documentación técnica aos servizos técnicos municipais para o seu informe e valoración.

3.- Quenda aberta de intervencións.

Non hai intervencións.

Dáse por finalizado o acto, sendo as 11:25 horas, e redactándose a presente acta, que asina comigo o Sr. Presidente, e da que, como secretaria da Mesa Xeral de Contratación, dou fe.

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H